

Estimado representante da asociación:

Póñoome en contacto contigo para informarte dunhas axudas publicadas nos últimos días pola Deputación da Coruña que poderían ser do voso interese e que se encontran en prazo de solicitude:

DEPUTACIÓN DA CORUÑA: publicadas no BOP Núm. 30 do 13 de febreiro de 2020

- Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar **actividades culturais** durante o ano 2020.
- Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o apoio ao desenvolvemento de **festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas** na provincia da Coruña, durante o ano 2020.
- Programa de subvencións a **corais polifónicas, bandas de música populares e entidades de música e baile tradicional galego** da provincia da Coruña, para o desenvolvemento de actividades culturais durante o ano 2020.
- Programa de subvencións a entidades da provincia, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte durante o ano 2020.
- Programa de subvencións para clubs deportivos da provincia, sen ánimo de lucro, con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico durante o ano 2020.
- Programa de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2020.
- Programa de subvencións a entidades deportivas da provincia, sen ánimo de lucro, para infraestruturas e equipamento deportivo durante o ano 2020.
- Programa de subvencións a fundacións e a entidades sen fins de lucro da provincia da Coruña titulares de **museos**, centros de interpretación ou bibliotecas, para o desenvolvemento de actividades culturais durante o ano 2020.

As convocatorias citadas poden consultarse na web da Deputación da Coruña www.dacoruna.gal no apartado de subvencións. O prazo de solicitude será ata ás 14:00 h do 6 de marzo de 2020.

Esperando que esta información sexa do teu interese, recibe un cordial saúdo.

Atentamente,

Melide, 26 de febreiro de 2020

José Manuel Pérez Penas
Alcalde do Concello de Melide